

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.*

1. O número 2.º do punto 2 do artigo 517 queda redactado nos seguintes termos:

«2.º Os laudos ou resolucións arbitraris.»

2. Engádesse un novo parágrafo ó número 1.º do punto 1 do artigo 550 coa seguinte redacción:

«Cando o título sexa un laudo, xuntaránselles, ademais, o convenio arbitral e os documentos acreditativos da notificación daquel ás partes.»

3. Adiciónase un número 4.º ó punto 1 do artigo 559 con esta redacción:

«4.º Se o título executivo fose un laudo arbitral non protocolizado notarialmente, a falta de autenticidade deste.»

Disposición derradeira segunda. *Habilitación competencial.*

Esta lei dictase ó abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación mercantil, procesual e civil, establecida no artigo 149.1.6.ª e 8.ª da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor ós tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 23 de decembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

23814 *REAL DECRETO 1744/2003, do 19 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 1074/2002, do 18 de outubro, polo que se regula o proceso de elaboración, circulación e comercio de augas de bebida envasadas. («BOE» 312, do 30-12-2003.)*

O Real decreto 1074/2002, do 18 de outubro, polo que se regula o proceso de elaboración, circulación e comercio de augas de bebida envasadas, establece os requisitos sanitarios esixibles ás augas minerais naturais, de manancial, potables preparadas e de consumo público envasadas. O devandito real decreto supuxo a incorporación parcial ó noso ordenamento xurídico da Directiva 98/83/CE do Consello, do 3 de novembro de 1998, relativa á calidade das augas destinadas ó consumo humano, así como a actualización da normativa vixente ata esa data sobre as augas de bebida envasadas, constituída polo Real decreto 1164/1991, do 22 de xullo, modificado polo Real decreto 781/1998, do 30 de abril, disposicións que incorporaron ó noso ordenamento as directivas 80/778/CEE, 80/777/CEE e 96/70/CE.

Con posterioridade á aprobación do Real decreto 1074/2002, do 18 de outubro, aprobouse o Real decreto

140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano, completándose a transposición da referida Directiva 98/83/CE.

Dado que o envasado das augas denominadas «augas de consumo público envasadas» só se realiza conxuntamente para distribución domiciliaria, co único obxecto de suplir ausencias ou insuficiencias accidentais das augas de consumo público distribuídas pola rede xeral de forma gratuíta, e polo tanto non existe comercialización, parece conveniente a súa exclusión do ámbito de aplicación do Real decreto 1074/2002, do 18 de outubro, polo que se regula o proceso de elaboración, circulación e comercio de augas de bebida envasadas, exclusión que agora se efectúa mediante este real decreto.

Por outra parte, a calidade das ditas augas de consumo público, así como o seu proceso de produción e distribución, está xa regulada no Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro.

As augas minerais naturais distínguense das restantes augas potables pola súa natureza, caracterizada polo seu contido en minerais, oligoelementos e outros compoñentes, así como pola súa pureza orixinal. Así mesmo, deben cumprir certas especificacións microbiolóxicas, parasitolóxicas, químicas e de pureza, recollidas no citado Real decreto 1074/2002, do 18 de outubro.

Emporiso, nalgunhas das ditas augas poden estar presentes en estado natural certos compoñentes, por mor da súa orixe hidroxeolóxica, e presentar un risco para a saúde pública a partir de determinada concentración, polo cal é necesario establecer límites de concentracións para estes compoñentes das augas minerais naturais.

O Comité Científico da Alimentación Humana (CCAH) emitiu un dictame, en decembro de 1996, sobre o arsénico, bario, fluor, boro e manganeso e validou, para outros compoñentes das augas minerais naturais, os límites recomendados pola Organización Mundial da Saúde (OMS) para a auga potable. Así mesmo, o devandito comité fixou o nivel aceptable para o bario, manganeso e arsénico nas augas minerais naturais, así como valores guías para o fluor e o boro.

A OMS recomendou un valor guía para o fluor na auga potable e o CCAH validouno para as augas minerais naturais no dictame citado anteriormente. Co fin de protexelos lactantes e os nenos, que constitúen a poboación máis sensible con relación ó risco de fluorose, convén, ademais, incluír unha indicación na etiquetaxe que sexa facilmente visible para o consumidor, en relación coas augas cun contido en fluor que sexa superior a este valor guía.

En canto ó boro, o CCAH sinalou un valor guía nas augas minerais naturais, de acordo coas recomendacións da OMS de 1996. Emporiso, a OMS e outras organizacións científicas recoñecidas internacionalmente realizaron desde entón novas avaliacións do efecto do boro para a saúde pública e recomendaron niveis superiores. Polo cal é necesario consulta-la autoridade Europea de Seguridade Alimentaria, para ter en conta as novas avaliacións científicas dispoñibles e non fixar un nivel máximo para o boro na fase actual.

O Real decreto 1074/2002, do 18 de outubro, como consecuencia da transposición xa efectuada da Directiva 96/70/CE, permite a separación dos compostos de ferro, manganeso e xofre, así como o arsénico, en determinadas augas minerais naturais e de manancial, mediante aire enriquecido con ozono e baixo certas condicións, baseadas no dictame do CCAH. Así mesmo, menciona a obriga de incluír na etiquetaxe información sobre os tratamentos

realizados nas devanditas augas e sinala a obriga de incluír nas etiquetas advertencias relativas a contraindicacións para determinados sectores da poboación.

Todas estas particularidades foron desenvolvidas na Directiva 2003/40/CE da Comisión, do 16 de maio de 2003, pola que se fixa a lista, os límites de concentración e as indicacións de etiquetaxe para os compoñentes das augas minerais naturais, así como as condicións de utilización do aire enriquecido con ozono para o tratamento das augas minerais naturais e das augas de manancial.

Como consecuencia da citada directiva, a normativa española sobre augas de bebida envasadas viuse afectada nalgúns aspectos relativos ás augas minerais naturais e ás augas de manancial no referente ós tratamentos, en particular ó efectuado con aire enriquecido con ozono, polo que resulta necesario adapta-lo establecido no Real decreto 1074/2002, do 18 de outubro, á Directiva 2003/40/CE, que se incorpora ó noso ordenamento xurídico mediante este real decreto.

Este real decreto ten carácter básico ó abeiro do artigo 149.1.16.^a da Constitución e de acordo co artigo 40.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, excepto no relativo ós intercambios con países terceiros, que se dicta ó abeiro do artigo 149.1.10.^a e 16.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado competencia exclusiva en materia de comercio exterior e sanidade exterior, e de acordo co artigo 38 da indicada Lei 14/1986, do 25 de abril.

Na súa tramitación foron consultadas as comunidades autónomas, así como as asociacións de consumidores e os sectores afectados, e emitiu o seu preceptivo informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade e Consumo, de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Economía e de Ciencia e Tecnoloxía, de acordo co Consello do Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de decembro de 2003,

DISPÓN O :

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1074/2002, do 18 de outubro, polo que se regula o proceso de elaboración, circulación e comercio de augas de bebida envasadas.*

O Real decreto 1074/2002, do 18 de outubro, polo que se regula o proceso de elaboración, circulación e comercio de augas de bebida envasadas, queda modificado como segue:

Un. Modifícase a alínea b) do artigo 1.2, que queda redactada como segue:

«b) As distribuídas mediante rede de abastecemento público e as procedentes desta orixe, envasadas conforme a normativa que regula os materiais en contacto con alimentos, de forma conxuntural para a súa distribución domiciliar e gratuíta, co único obxecto de suplir ausencias ou insuficiencias accidentais da rede pública.»

Dous. Suprímese a alínea d) do artigo 2.B), relativa a augas de consumo público envasadas.

Tres. Suprímese o punto 4 do artigo 7.

Catro. O punto A).2 do artigo 19 queda redactado como segue:

«Permítense a separación dos compostos de ferro, manganeso e xofre, así como o arsénico, en determinadas augas minerais naturais e de manancial

por aire enriquecido con ozono, a condición de que o tratamento non altere a composición da auga no que respecta a aqueles compoñentes esenciais que lle confiren a esta as súas propiedades.

a) A aplicación do tratamento con aire enriquecido con ozono debe ser obxecto dunha notificación previa ás autoridades sanitarias competentes para garantir que:

1.º A utilización do devandito tratamento xustifícase pola composición da auga en compostos de ferro, manganeso e xofre, así como de arsénico.

2.º O operador adoptará tódalas medidas necesarias para garanti-la eficacia e a inocuidade do tratamento e para permiti-lo seu control polas autoridades sanitarias competentes.

b) En todo caso, o tratamento das augas minerais naturais con aire enriquecido con ozono deberá cumprí-las seguintes condicións:

1.º Que o tratamento non modifique a composición analítica das augas minerais naturais no que se refire ós seus compoñentes característicos.

2.º Que a auga mineral natural antes do tratamento respecte os criterios microbiolóxicos definidos nos parágrafos 1, 2 e 3 do punto 1.2.2 do anexo I.

3.º Que o tratamento non dea lugar á formación de residuos que poidan presentar un risco para a saúde pública ou cunha concentración superior ós límites máximos establecidos no anexo VII.»

Cinco. Suprímese a letra C) do artigo 19.

Seis. O punto 6 do artigo 21.A) queda redactado como segue:

«6. Débese incluír información sobre os tratamentos enumerados nos puntos A).2 e A).3 do artigo 19, no caso de que fosen efectuados.

As augas minerais naturais que fosen obxecto dun tratamento con aire enriquecido con ozono deberán levar cerca da composición analítica de compoñentes característicos a indicación "auga sometida a unha técnica de oxidación autorizada con aire ozonizado".»

Sete. Engádeselle un novo punto 8 ó artigo 21.A), que terá a seguinte redacción:

«8. As augas minerais naturais cunha concentración de fluor que sexa superior a 1, 5 mg/l deberán incluír na súa etiquetaxe a indicación "contén máis de 1, 5 mg/l de fluor, non adecuada para o consumo regular dos lactantes e nenos menores de sete anos". Esta indicación deberá figurar inmediatamente ó lado da denominación de venda e en caracteres claramente visibles.

Así mesmo, as augas minerais naturais que, de acordo co anterior, deban levar unha indicación na etiquetaxe, deberán sinala-lo contido real de fluor na composición analítica dos seus compoñentes característicos, tal como se sinala no punto 5.»

Oito. O actual punto 8 do artigo 21.A) pasa a se-lo punto 9.

Novo. O actual punto 9 do artigo 21.A) pasa a se-lo punto 10.

Dez. Suprímese o punto 4 do anexo I.

Once. A parte B, Parámetros químicos, do anexo IV, Parámetros e valores paramétricos, queda redactada da seguinte maneira:

«PARTE B

Parámetros químicos

Unidade	Valor paramétrico	Parámetro	Notas
Acrilamida	0,10	µg/l	Nota 1.
Antimonio	5,0	µg/l	
Arsénico total	10	mg/l	
Bario *	1,0	mg/l	
Benceno	1,0	µg/l	
Benzo(a)pireno	0,010	µg/l	
Boro	1,0	mg/l	Nota 10
Bromato	10	µg/l	Nota 2.
Cadmio	5,0	µg/l	Nota 11.
Cromo	50	µg/l	Nota 3.
Cobre	2,0	mg/l	Notas 3 e 12.
Cianuro	50	µg/l	Nota 13.
1, 2-dicloroetano	3,0	µg/l	
Epiclorhidrina	0,10	µg/l	Nota 1.
Fluoruro	1,5	mg/l	Nota 14.
Chumbo	10	µg/l	Nota 3.
Mercurio	1,0	µg/l	
Níquel	20	µg/l	Nota 3.
Nitrato	50	mg/l	Notas 4 e 16.
Nitrito	0,50	mg/l	Notas 4, 15 e 16.
Praguicidas	0,10	µg/l	Notas 5 e 6.
Total praguicidas	0,50	µg/l	Notas 5 e 7.
Hidrocarburos policíclicos aromáticos .	0,10	µg/l	Suma de concentracións de compostos especificados; nota 8.
Selenio	10	µg/l	
Tetracloroetano e tricloroetano	10	µg/l	Suma de concentracións de parámetros especificados.
Total trihalometanos	100	µg/l	Suma de concentracións de compostos especificados; nota 9.
Cloruro de vinilo	0,50	µg/l	Nota 1.

* Só para as augas minerais naturais.

Nota 1: o valor do parámetro refírese á concentración monomérica residual na auga, calculada consonte as características da migración máxima do polímero correspondente en contacto coa auga.

Nota 2: cando sexa posible sen que afecte a desinfección, deberase procurar que o valor sexa máis baixo.

Nota 3: o valor aplícase a unha mostra de auga destinada ó consumo humano, obtida por un método adecuado de mostraxe, sempre que sexa representativa dun valor medio semanal inxerido polos consumidores.

Nota 4: á saída das instalacións, o valor dos nitritos debe ser $\leq 0,10$ mg/l, cumprindo ademais a condición de que $[\text{nitrato}]/50 + [\text{nitrito}]/3 \leq 1$. Os corchetes significan concentracións en mg/l para o nitrato (NO_3) e para o nitrito (NO_2).

Nota 5: por "praguicidas" enténdese:

Insecticidas orgánicos.

Herbicidas orgánicos.

Fungicidas orgánicos.

Nematocidas orgánicos.

Acaricidas orgánicos.

Alxicidas orgánicos.

Rodenticidas orgánicos.

Molusquicidas orgánicos.

Productos relacionados (entre outros, reguladores de crecemento) e os seus pertinentes metabolitos e productos de degradación e reacción.

Só é preciso controlar aqueles praguicidas que sexa probable que estean presentes nunha subministración dada.

Nota 6: o valor paramétrico aplícase a cada un dos praguicidas. No caso da aldrina, a dieldrina, o heptacloro e o heptaclorepóxido, o valor paramétrico é de 0,030 µg/l.

Nota 7: por "total praguicida" enténdese a suma de tódolos praguicidas detectados e cuantificados no procedemento de control.

Nota 8: os compostos especificados son:

Benzo(b)fluoranteno.

Benzo(k)fluoranteno.

Benzo(ghi)perileno.

Indeno (1, 2, 3-cd)pireno.

Nota 9: cando sexa posible sen que afecte a desinfección, débese obter un valor máis baixo. Os compostos especificados son: cloroformo, bromoformo, dibromoclorometano, bromodiclorometano.

Nota 10: nas augas minerais naturais, o límite máximo para o boro fixarase, se fose necesario, logo de dictame da Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e por proposta da Comisión Europea, antes do 1 de xaneiro de 2006.

Nota 11: nas augas minerais naturais o límite máximo para o cadmio será de 3 µg/l.

Nota 12: nas augas minerais naturais o límite máximo para o cobre será de 1,0 mg/l.

Nota 13: nas augas minerais naturais o límite máximo para o cianuro será de 70 µg/l.

Nota 14: nas augas minerais naturais o límite máximo para o fluoruro será de 50 mg/l. Terase en conta para a etiquetaxe do fluoruro o disposto no anexo III, así como o sinalado no punto 8 do artigo 21.A).

Nota 15: nas augas minerais naturais o límite máximo para o nitrito será de 0,1 mg/l.

Nota 16: nas augas minerais naturais, a autoridade sanitaria correspondente do Ministerio de Sanidade e Consumo poderase referir a un valor máis baixo, no marco do procedemento do recoñecemento oficial das ditas augas minerais naturais, coa condición de que o devandito valor se aplique a tódalas peticións que se presenten no devandito procedemento.»

Doce. A parte C, Parámetros indicadores, do anexo IV, Parámetros e valores paramétricos, queda redactada da seguinte maneira:

«PARTE C
Parámetros indicadores

Parámetro	Valor paramétrico	Unidade	Notas
Aluminio	200	µg/l	
Amonio	0,50	mg/l	
Cloruro *	250	mg/l	Nota 1.
Clostridium perfringens (incluídas esporas) ...	0	n.º/100 ml	Nota 2.
Cor	Acceptable para os consumidores e sen cambios anómalos.		
Conductividade **	2.500	µS cm ⁻¹ a 20 °C	Nota 1.
Concentración en ións hidróxeno	≥ 6,5 e ≤ 9, 5	Unidades pH.	Notas 1 e 3.
Ferro *	200	µg/l	
Manganeso	50	µg/l	Nota 8.
Olor	Acceptable para os consumidores e sen cambios anómalos.		
Oxidabilidade	5, 0	mg/l O ₂	Nota 4.
Sulfato *	250	mg/l	Nota 1.
Sodio *	200	mg/l	
Sabor	Acceptable para os consumidores e sen cambios anómalos.		
Reconto de colonias a 22 °C e a 37°	Sen cambios anómalos.		
Bacterias coliformes	0	n.º/250 ml	
Carbono orgánico total (COT)	Sen cambios anómalos.		
Turbidez	Acceptable para os consumidores e sen cambios anómalos.		

* Excepto en augas minerais naturais.

** Non se aplicará ás augas minerais naturais e ás augas de manancial carbónicas en orixe.

RADIOACTIVIDADE *

Parámetro	Valor paramétrico	Unidade	Notas
Tritio	100	Bq/l	Notas 5 e 7.
Dose indicativa total	0, 10	msv/ano	Notas 6 e 7.

* Non será de aplicación ás augas minerais naturais.

Nota 1: a auga non deberá conter materias corrosivas.

Nota 2: este parámetro é necesario medilo só se a auga procede total ou parcialmente de auga superficial. En caso de incumprimento deste valor paramétrico, investigarase a subministración para se asegurar de que da presenza de microorganismos patóxenos como, por exemplo, o *cryptosporidium* non se desprende perigo potencial ningún para a saúde humana. Débense incluír no libro de rexistro os resultados de todas estas investigacións.

Nota 3: para a auga sen gas envasada, o valor mínimo poderase reducir a 4, 5 unidades de pH.

Para a auga envasada en botellas ou outros recipientes que sexa naturalmente rica en dióxido de carbono ou con adición artificial deste, o valor mínimo poderá ser inferior.

Nota 4: non é necesario medir este parámetro se se analiza o parámetro COT.

Nota 5: a periodicidade do control indicarase posteriormente, no anexo V.

Nota 6: excluído o tritio, o potasio-40, o radon e os produtos de desintegración do radon. A periodicidade do control, os métodos de control e os lugares máis adecuados para a toma de mostras indicaranse posteriormente, no anexo V.

Nota 7: non será necesario controla-la auga potable respecto ó tritio nin a radioactividade para establece-la dose indicativa total cando se considere que sobre a base doutros controis levados a cabo os niveis de tritio ou da dose indicativa total da auga se encontran moi por debaixo do valor paramétrico.

Nota 8: nas augas minerais naturais, o límite máximo para o manganeso será de 0,50 mg/l.»

Trece. O cadro que aparece no punto 2, Parámetros para os que se especifican resultados característicos, do anexo VI, Especificacións para a análise dos parámetros, queda redactado como segue:

«Parámetros	Exactitude Porcentaxe no valor paramétrico (Nota 1)	Precisión Porcentaxe no valor paramétrico (Nota 2)	Límite de detección Porcentaxe do valor paramétrico (Nota 3)	Condicións	Notas
Acrilamida				Controlar segundo a especificación do produto	
Aluminio	10	10	10		
Amonio	10	10	10		
Antimonio	25	25	25		
Arsénico	10	10	10		
Bario*	25	25	25		
Benzo(a)pireno	25	25	25		
Benceno	25	25	25		
Boro	10	10	10		
Bromato	25	25	25		
Cadmio	10	10	10		
Cloruro	10	10	10		
Cromo	10	10	10		
Conductividade	10	10	10		
Cobre	10	10	10		
Cianuro	10	10	10		
1, 2-dicloroetano	25	25	10		Nota 4.
Epíclorhidrina				Controlar segundo a especificación do produto.	
Fluoruro	10	10	10		
Ferro	10	10	10		
Chumbo	10	10	10		
Manganeso	10	10	10		
Mercurio	20	10	20		
Níquel	10	10	10		
Nitrato	10	10	10		
Nitrito	10	10	10		
Oxidabilidade	25	25	10		Nota 5
Praguicidas	25	25	25		Nota 6
Hidrocarburos policíclicos aromáticos	25	25	25		Nota 7.
Selenio	10	10	10		
Sodio	10	10	10		
Sulfato	10	10	10		
Tetracloroetano	25	25	10		Nota 8
Tricloroetano	25	25	10		Nota 8.
Total THM	25	25	10		Nota 7.
Cloruro de vinilo				Controlar segundo a especificación do produto	

* Só para as augas minerais naturais.»

Catorce. Insírese un novo anexo VII:

«ANEXO VII

Límites máximos para os residuos de tratamento das augas minerais naturais e das augas de manancial con aire enriquecido con ozono

Residuos de tratamento	Límites máximos (*) (µg/l)
Ozono disolto	50
Bromatos	3
Bromoformas	1

(*) As autoridades competentes controlarán o cumprimento dos límites máximos no tocante ó embotellado ou outros acondicionamentos destinados ó consumidor final.»

Disposición transitoria única. Prórroga de comercialización.

1. As augas minerais naturais, no momento de seren envasadas, débense axustar, antes do 1 de xaneiro de 2006, ós novos límites establecidos para as devanditas augas na parte B do anexo IV.

2. Emporiso, no caso dos fluoruros e do níquel, o prazo recollido no punto 1 amplíase ata o 1 de xaneiro de 2008.

3. Sen prexuízo do previsto nos puntos 1 e 2, prohibese, a partir do 1 de xullo de 2004, a comercialización das augas minerais naturais que non se axusten ó disposto neste real decreto.

Emporiso, os produtos envasados e etiquetados antes do 1 de xullo de 2004 poderanse vender ata que acaben as existencias

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter básico ó abeiro do artigo 149.1.16.^a da Constitución e de acordo co artigo 40.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, excepto no relativo ós intercambios con países terceiros, que se dicta ó abeiro do artigo 149.1.10.^a e 16.^a da Constitución, que atribúe ó Estado competencia exclusiva en materia de comercio exterior e sanidade exterior, e de acordo co artigo 38 da Lei 14/1986, do 25 de abril.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 19 de decembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
e ministro da Presidencia,
JAVIER ARENAS BOCANEGRA

XEFATURA DO ESTADO

23935 LEI 61/2003, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2004. («BOE» 313, do 31-12-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Os orzamentos xerais do Estado para 2004 oriéntanse, en primeiro lugar, a reforza-lo crecemento para afianza-la recuperación da economía española que se iniciou ó longo de 2003. Estes orzamentos conteñen a política económica que propiciou o crecemento de España durante estes anos de dificultades na economía mundial e que agora permite beneficiarse anticipadamente do favorable cambio de tendencia que estamos apreciando nos mercados internacionais.

Os orzamentos xerais do Estado para 2004 contribúen ó crecemento cun forte investimento en infraestruturas e en investigación científica e técnica, con reformas tributarias e outras políticas activas que favorecen a actividade empresarial e o emprego, e cunha atención preferente á seguridade e á xustiza, para mellora-la protección do ámbito onde se desenvolve a actividade económica e a convivencia social.

Os orzamentos para 2004 son, unha vez máis, uns orzamentos equilibrados. Por cuarto ano consecutivo as contas públicas pecharán sen déficit, afondando o suco

da cultura de estabilidade e reforzando o crédito da economía española ante os axentes económicos nacionais e internacionais. Con cada exercicio que culmina en equilibrio orzamentario aumenta a capacidade do orzamento para estimular e acompañala actividade das empresas e as familias e favorece-la creación de emprego.

O proceso de elaboración dos orzamentos xerais do Estado para 2004 iniciouse co Acordo do Consello de Ministros do 14 de marzo de 2003, que foi aprobado polos plenos do Congreso e o Senado nas súas sesións do 27 de marzo e do 8 de abril, respectivamente, e no cal se fixaba o obxectivo de estabilidade orzamentaria para o período 2004-2006, así como o límite de gasto non financeiro do Estado para 2004.

Para o ano 2004, o obxectivo de estabilidade orzamentaria determinado no Acordo do 14 de marzo mantén o equilibrio orzamentario xa alcanzado como eixe fundamental dunha política orzamentaria que vai permitir seguir apoiando a estabilidade macroeconómica, a mellora das condicións de financiamento da nosa economía e a formación de expectativas dos axentes económicos e sociais.

O límite de gasto non financeiro do orzamento do Estado para 2004 é de 117.260 millóns de euros, que supón un incremento en termos orzamentarios do 2,4 por cento, que se eleva ata o 3,9 por cento se consideramos exclusivamente o gasto das seccións do orzamento que corresponden ós departamentos ministeriais, e eliminamos, por tanto, o cambio no sistema de financiamento das administracións territoriais. Este incremento equivale en contabilidade nacional ó 4,2 por cento. O ano que vén, por tanto, vaise seguir aplicando a política de contención do gasto sobre a que xirou a consolidación fiscal desde 1996, ó situarse o crecemento desa variable por debaixo da taxa do 5,8 por cento prevista para o produto interior bruto nominal no escenario central do Programa de Estabilidade.

Dentro do límite de gasto considérase, conforme o establecido na Lei xeral de estabilidade orzamentaria, un fondo de continxencia dotado co 2 por cento do orzamento, que en 2004 ascende a 2.345,2 millóns de euros.

As leis de estabilidade reformaron o procedemento orzamentario introducindo melloras dirixidas a garantir tanto a transparencia nas fases de elaboración, execución e control do orzamento, como unha asignación e xestión dos recursos orzamentarios dentro dun horizonte plurianual orientado polos principios de eficacia, eficiencia e calidade.

Nos orzamentos xerais do Estado para o ano 2004 reflíctese a reforma tributaria que se levou a cabo desde 1996, e en especial a última redución do imposto sobre a renda e a supresión do imposto de actividades económicas ós traballadores autónomos e á gran maioría das empresas. De feito, 2004 será o primeiro ano en que os contribuintes farán a súa declaración beneficiándose da segunda baixada do IRPF. Os cidadáns aforrarán máis dun 25 por cento polo efecto conxunto das dúas reformas deste imposto. Tamén no ano 2004 se manterán conxelados os impostos especiais, o que supón un aforro engadido de 300 millóns de euros.

Por terceiro ano consecutivo a descentralización administrativa introduce unha diferenza nos orzamentos xerais do Estado. Os orzamentos dos anos 2002 e 2003 estiveron influídos só pola reforma do sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común, e neste ano 2004 será tamén o novo financiamento das entidades locais o que determine unha serie de cambios con respecto ó ano 2003.

Pódese dicir que no ano 2004, e tamén no seu orzamento, alcanza un alto grao de madurez o proceso de descentralización territorial que se iniciou hai 25 anos coa Constitución española. De feito, os últimos tres anos ca-